

# A CONVERSA

Francis Ford Coppola, 1974


# 1495

ESTREA EN NUMAX: 09.04.2025 | V.O.S.E. | 113 min

Harry Caul, un detective de recoñecido prestixio como especialista de vixilancia e sistemas de seguridade, é contratado por un magnate para investigar a súa esposa, que mantén unha relación cun dos empregados. A misión, para un experto da súa categoría, resulta a primeira vista inexplicable, xa que a parella non ofrece ningún interese. Porén, cando Harry dá por finalizado o seu traballo, advirte que algo estraño se agocha tras a banalidade do caso, xa que o seu cliente se nega a identificarse, empregando sempre intermediarios.

«Unha exploración perturbadora da privacidade e a responsabilidade persoal na era da intrusión tecnolóxica»

Angie Arrigo, EMPIRE



## Entrevista con Gene Hackman: «Sinto algo de mágoa polos directores que traballan comigo»

Por Beverly Walker

**Tes declarado que entrevistas anteriores que tanto *A conversa* como o seu director, Francis Ford Coppola, foron importantes na túa vida.** Sempre que me preguntan por Francis digo que foi unha das relacións máis interesantes das que eu tiven na miña vida. Pero se penso naquel tempo debo confesar que non recordo nada particular do que el me dicía. El creaba un ambiente moi bo para o actor e iso é o máis importante. Con el nunca tiñas a sensación de que estaba pouco satisfeito ou de que o que facías non era de abondo ou de máis. Estaba no punto xusto.

**Tiñas a sensación de que había unha compoñente autobiográfica na película para el? Se cadra non tanto a nivel dos feitos relatados como a nivel espiritual ou emocional. N'*A conversa* o teu personaxe vive observando, fala das consecuencias da polio, de que foi esquecido no baño pola súa nai e case afoga. Non sabemos se Coppola experimentou estas vivencias pero si que tivo a polio...** É posible, el parecía ter unha relación moi íntima e especial co filme pero entendín que era a súa maneira de traballar. Por desgraza non volvimos traballar xuntos, tiven algunha proposta del pero non chegamos a un acordo. Coppola é un home moi misterioso, extremadamente sensible e, se son honesto, combina unha fonda alegría de vivir cun lado máis escuro. O que si que podo asegurar é que o filme foi moi importante para el. O tema é que o mesmo día de finalización da rodaxe marchou pitando. Tiña que estar en Nova York para comezar a rodaxe d'*O padriño*, Parte II (1974).

**Naquela altura díxose que houbera unha profunda reestruturación da película na sala de montaxe. Paréceche que mudou moito en relación ao guión?** Non. Penso que se debían referir a escenas puntuais.

**O resto de actores son importantes para ti?** Moito. Son practicamente todo unha vez que estás no set de rodaxe. As persoas que comparten unha escena deben crear unha atmosfera de traballo. Hoxe o maior problema para min é conseguir ser paciente cos actores mozos. Ás veces esquezo que levo trinta anos facendo isto e xa é algo doado para min. Estar aí, respectar as marcas. Ás veces danme ganas de asumir as prerrogativas do director e dicirlles o que deben facer, pero non é o meu papel no filme.

**E que importancia teñen os directores para ti? Lin que che gustaría dirixir algún filme.** Si que me gustaría. Sobre os directores gústame que sexan directos. Como non tiven un pai forte non teño problemas coa autoridade. Prefiro que o director me diga directamente se podo atopar outra maneira de actuar a que anden con rodeos. Desesa maneira podo ver inmediatamente onde está o problema e facer algo ao respecto, en lugar de ter que lidar con diplomacias que creo que están de máis na arte. Entendo que cómpre ser cortés e amable pero cando tes moita enerxía e estás no medio da rodaxe non me gusta o exceso de tacto. É aí onde adoito ter problemas cos directores.

A verdade é que sinto algo de mágoa polos directores que traballan comigo [risa triste].